

1. **Cal dos seguintes non é un elemento funcional nun sistema de cableado estruturado?**
 - a) Área de traballo.
 - b) Área de campus.
 - c) Subsistema vertical.
 - d) Subsistema de campus.

2. **A área de traballo:**
 - a) Sempre debe ocupar un espazo de 10 m².
 - b) A lonxitude do cable que conecta o equipo á TO non debe superar os 11 m.
 - c) Recoméndase asignar, polo menos, tres TO.
 - d) Non se permite habilitar tomas para teléfonos.

3. **No subsistema horizontal:**
 - a) Non se permite instalar puntos de consolidación.
 - b) A canalización baixo chan presenta máis vantaxes que a canalización baixo chan técnico.
 - c) A canalización en teito é unha alternativa cando non é posible utilizar teito técnico.
 - d) Na canalización en parede, o cableado eléctrico vai fisicamente co de datos.

4. **O distribuidor de planta:**
 - a) Non pode reducirse a un rack de distribución.
 - b) Debe presentar unhas dimensións fixas de 15 m².
 - c) Pode existir un FD secundario.
 - d) Ningunha das anteriores.

5. **En canto á ubicación do distribuidor de edificio:**
 - a) O ideal é nunha planta intermedia do edificio.
 - b) O ideal é nunha planta por debaixo do nivel do chan.
 - c) Non se pode situar na mesma sala que o FD.
 - d) Ningunha das anteriores.

6. **Ao subsistema vertical tamén se lle coñece como:**
 - a) *Telecommunications Grounding Busbar.*
 - b) *Building distributor.*
 - c) *Backbone.*
 - d) *Telecommunications Room.*

7.

8.

7. O distribuidor de campus:

- a) Pode situarse nunha sala cun BD principal.
- b) As súas funcións son iguais ás do FD.
- c) A sala de comunicacións onde se pode aloxar é completamente diferente á dun BD.
- d) Todas as anteriores son falsas.

8. O subsistema de campus:

- a) Está constituído polo cableado que conecta os BD cos FD.
- b) Adoita empregar fibra óptica para a rede de voz.
- c) Adoita empregar fibra óptica para a rede de datos.
- d) Adoita estar visible sobre a superficie.

9. A orde de colocación dos elementos do sistema de conexión a terra é:

- a) TMGB, GEC, TGB, TBB.
- b) TGB, TBB, TMGB, GEC.
- c) GEC, TBB, TMGB e TGB.
- d) TGB, TMGB, GEC e TBB.

10. Na conexión a terra do sistema de cableado:

- a) A TMGB sitúase en cada sala de telecomunicacións.
- b) A TGB sitúase no BD.
- c) O TBB comunica a TMGB co GEC.
- d) Todas as anteriores son falsas.

11. Na sala de comunicacións, a distribución das barras de terra pode ser:

- a) Cableado con RGB superior.
- b) Cableado con RGB lateral.
- c) Cableado con liña de condutor no rack.
- d) Todas as anteriores son certas.

12. As normas e estándares:

- a) Non cambian nunca.
- b) Cambian cada 2 anos.
- c) Adáptanse e axústanse a novas tecnoloxías e outros estándares.
- d) Todas son falsas.

13. A norma UNE EN 50173:

- a) É de ámbito internacional.
- b) É de ámbito europeo.
- c) É de ámbito alemán.
- d) Traduc e publica a norma EN 50173.

14. A distancia de 90 m:

- a) É a máxima entre o FD e a TO.
- b) É a mínima entre o BD e o FD.
- c) É a máxima entre o BD e o CD.
- d) É a máxima entre TMGB e TGB.